



CONGRESO INTERNACIONAL
**CONTEMPORÁNEAS: POLÍTICAS, TRABAJADORAS
Y HACEDORAS DE SOCIEDAD**

Santiago de Compostela, 20 y 21 de Octubre de 2022

Versión preliminar para uso exclusivo en este congreso. No citar sin autorización del autor.

TÍTULO

A MULLER NO MUNDO CANTÁBRICO GALEGO DOS SÉCULOS XVIII-XIX:
AS EMPRESARIAS DA SALGA

Autor/a

CHEMA LEAL. UNED-Pontevedra. Investigador GESPIC-USC
josemaria.leal@rai.usc.es

SESIÓN Nº 2: Mujeres y economía

Resumen: As liñas que seguen teñen que ver co rol que xogaron as mulleres, como empresarias ou traballadoras, mesmo violentadas, no mar Cantábrico galego. Esta parte costeira de Galicia está moi pouco estudiada a pesar de ser paso obrigado das mercadorías; ferro, cravazón, cereais, fariña, viños franceses, sidra, cal, etc., que dende o País Vasco, Cantabria ou Asturias fornecían o arco nortlántico-cantábrico galego, no que había que abastar ós intereses do Real Consulado da Coruña ou do arsenal militar de Ferrol. Logo, o Cantábrico oriental hispano recibía fretes de retorno consistentes en sardiña salgada por elas, primeiro á galega (escochada), despois salpresada polos cataláns. Nesta investigación empregamos como fonte principal os protocolos notariais a través dos cales damos conta do importante papel de diferentes

actividades marítimas das cales estudaremos o seu papel como empresarias da manufactura da salga.

Palabras clave: Pesca, salgado, muller empresaria, estratexias familiares

Nesta comunicación imos estudar as mulleres empresarias da salga na Galicia polo que atinxe a área do mar Cantábrico. Deixaremos logo a un lado as mulleres da industria conserveira¹ galega para adentrarnos nas mulleres casadas e viúvas, etc que se encargaron de negocios marítimos nos séculos XVIII e XIX, as que foron propietarias dos medios de produción, aportaron capital para a empresa familiar, etc. Imolo ver con exemplos micro en base a dúas fontes fundamentais: protocolos notariais e documentación xudicial.

Ata a chegada dos catalás ó Cantábrico, Pablo Esclús en 1861 o primeiro, asentado en Santa María de Lieiro como comerciante de viños do Maresme, chegado dende Ferrol de onde se abasta no norte, non é doado encontrar presenza feminina como dona de negocios, empresas de pesca e salga, etc., que non sexan as tecedoras recollidas no Catastro de Ensenada, 1752, e posteriores comprobacións; a Real Única Contribución, de 1761. Moitas rexentan tabernas, panaderías, pero sempre baixo o título de home, de modo que para os documentos serán anónimas, non terán nome, pero verémolas presentes posto que son as que dirixen o negocio.

A arribada dos de Cataluña trouxo consigo a busca de esposas no máis rechamante da sociedade local, nunha estratexia ben distinta da amosada por estas xentes, por exemplo, en Arousa, onde foi común a unión entre catalás. Así o pon de relevo Leal² cando explica os avatares da unión entre Manuel Goday Roura, e a súa prima Francesca Llauger Coll. O primeiro chegara a Vilanova de Arousa polos anos 80 do XVIII, facía aquí campañas de sardiña e regresaba a Canet de Mar a casar con Francesca, quen queda en cinta e non se asentará en Vilanova ata que naza o fillo. Outro exemplo podemos velo nas figuras do fomentador Fidel Curt y Roig de Vilaxoan e a súa dona Francesca Roig, instalada en Ribeira.

Con todo, Viveiro, O Barqueiro e Valle (O Vicedo), serán os tres núcleos costeiros cantábricos nos que se faga máis patente e temperá a instalación destes comerciantes,

¹.- MUÑOZ ABELEDO, LUISA: “*Género, trabajo y niveles de vida en la industria conservera de Galicia*”. Publicacions i Edicions. Universitat de Barcelona. Icaria Editorial. Barcelona. 2010.

².- LEAL BÓVEDA, JOSÉ M^a: “*Fuentes para el estudio de la familia Llauger y su relación con la hidalguía vilanovesa: los Peña y Valle-Inclán*”. En *Cuadrante*. Nº 33. 2016. Ps. 145-221.

negociantes, entre os que figuran os irmáns Pedro e Gabriel Galcerán, con primeira base de produción en Mugardos, instalados despois en Vares, O Barqueiro e Viveiro o segundo. Ó seu carón veremos ó primo Pablo Galcerán que o fai no Barqueiro e Buenaventura Catá e fillo na aldea de Valle. Eles portarán as primeiras xávegas introducidas no Cantábrico para 1761, non sen provocar liortas cos pescadores patriás que a pesares diso, dende moi cedo, se sumarán á pesca con esta arte.

Dos anteriores, chámanos a atención Gabriel Galcerán, prototipo de armador de pesca, produtor de salga, comerciante dela, viños, liño, bacallau, prestamista, inversor en fincas urbanas e rústicas, muños, rendas da terra, especulador de grans, e un sen fin de actividades máis. En 1761 xa está instalado en Viveiro ó tempo que mantén sociedade co seu irmán no Barqueiro no negocio da pesca e salga. Pero os reveses económicos farán que esa unión rache ficando a súa posición económica moi feble debido ás débedas que ten que afrontar, reclamadas por Pedro. E aí entra en xogo Josefa Díaz, filla do farmacéutico de Viveiro, con quen casa adoptando a apelido *de Galcerán*. Será o sogro quen saia na axuda do catalá na intención do irmán de embargarlle tódolos bens que posúe, mesmo terá que facilitarlle os cartos para moitas das inversións nas actividades anteditas. As manobras da súa dona para salvar ó home da ruína amósanse evidentes en toda esta historia.

Gabriel e Josefa teñen dous fillos e unha filla, xa galegos, que para datas de 1770-80 comezan a estar activos económica e comercialmente; Benito, Rafael e María Antonia, de feito, o maior deles, é enviado polo pai a Riga *a instruírse en el comercio del lino, pasando por Inglaterra*. Dáse o caso de que en 1796 regresando, *de varias partes del Norte arribó a Coruña donde lo recibió su hermano Rafael*. Aquí, o criado do pai; Nicolás Paz, movido polos intereses dos moitos inimigos que aquel fixera, introduce na súa equipaxe xéneros ilícitos polo que Joseph é arrestado en Betanzos e conducido ó cárcere da Coruña. Gabriel ten que dar poder a Pedro Ribadulla, procurador do xulgado coruñés, para que defenda ó seu fillo depositando unha forte suma para recuperala liberdade³.

Gabriel morre en 1800 e un ano máis tarde, a súa dona; Josefa, adquire os poderes empresariais constituíndo nova empresa cos fillos, Benito e Rafael, deixando fóra dela á única filla; María Antonia á que máis adiante lle procurarán unha dote matrimonial de 60.000 reais. Curiosamente, a nai separa á filla das actividades económicas administradas por ela con tanto vigor. Mentres tanto, a nova sociedade amosarase intensamente activa, alongando a súa influencia no negocio viñateiro ata Celeiro, Ortigueira e Mondoñedo, xa para os primeiros anos do XIX. No primeiro lugar farano loitando coa protoburguesía local dos Carballés, Uz e outros que se resisten a deixar ermos dos seus intereses este territorio.

Hai máis exemplos da actividade frenética da nova sociedade, superando en número de operacións documentadas ás do home, de tal sorte que aínda previamente á legalización da mesma, no 1802, Josefa faise co remate do ramo do viño do porto de Celeiro, Benito, no nome de súa nai, fai o propio co do viño, Rafael, figura xa nestas datas como fiador dos fomentadores de sardiña que solicitan sal en Viveiro, Josefa en 1803 aluga terras con froitos na parroquia de Vieiro nunha actitude propia dos catalás e da burguesía local sexa comercial, financeira ou da salga; investir na terra, no 1805 merca a Antonia Fernández, de Landrove, unha viña en Piñeiro de Arriba ó tempo que da poderes ó fillo maior, Rafael,

³.- AHPL. Protocolos. 02580/01/150.

para que a defenda en causas civís e criminaís, no 1814, Benito merca terras en Viveiro, negocian cos empréstemos, controlan confrarías relixiosas, dedícanse ó comercio marítimo, á salga, mercan viñado en Landrove, son absentistas de augardente en Ortigueira, compran terras varias pola bisbarra, etc.

A lectura do testamento do pai resulta moi interesante non so para estudala contía do patrimonio senón para analizalos seus hábitos, que tiñan que ver cun fervor relixioso bastante acusado. Gabriel manda ser entallado con dobre hábito de franciscano e ser soterrado no convento de San Francisco de Viveiro pero deixa á muller elixir o número de funcións relixiosas. Escribe que antes do casorio Josefa non tiña caudal algún pero deixa entrever que ela participa dalgún xeito nas actividades empresariais, *porque el poco que manejaba hera ajeno, ya si los vienes muebles, raices y mas afectos con que al presente son gananciales y comunicables ala sociedad del matrimonio*⁴. Pero esquece que o seu sogro, boticario de profesión, por mediación da filla, é quen o rescata de entrar no cárcere cando o irmán Pedro pretende cobrarlle a parte que lle corresponde da separación da sociedade que mantiñan. Con todo, recoñece a atención prestada no matrimonio e remata dándolle o usufruto vitalicio de todos os seus bens, pero establecendo como herdeiros universais *a los referidos dⁿ Rafael y dⁿ Benito Galcerán y a la María Antonia Díaz Galcerán mis lexitimos hijos y de la mencionada d^a Josefa Dían Fariña, mi mujer para que disfruten uno y otro*⁵.

Ó final, o documento testamentario reflicte un patrimonio valorado en 554.703 reais, entre o que figuraban moitas partidas endebedadas por veciños de toda a bisbara en concepto de débedas por compra de liño. Entre esas xentes estaban os comerciantes máis afamados do Viveiro de fin de século XVIII, cregos, mosteiros, etc. Pero no reconto das existencias nos almacéns, nada relativo á sardiña hai e se moito relacionado cos viños e augardentes.

Josefa Díaz, logo de Galcerán, toma posesión do legado que lle deixa o marido e nomea tamén procurador na real audiencia da Coruña para defenderse en calquera causa contra ela, ó tempo que se fai cargo da curadoría dos seus fillos; Benito, Rafael e María. Curiosamente, figura como testemuña do protocolo notarial, o comerciante Antonio Villapol, sempre tan próximo en cuestións de negocios ó finado Gabriel⁶.

Neste senso, amén do xa anotado en liñas precedentes, corre 1806 cando nai e fillos forman unha *casa para el curso de obperaciones mercantiles por medio de una sociedad formal y dependiente*⁷, cun fondo ou capital inicial de 30.000 pesos fortes, dos que Josefa como socia principal aportaba a metade, Rafael o segundo socio a cuarta parte e a outra restante corría a cargo de Benito. Ficaba fora da nova empresa a filla María Antonia, menor de 25 anos e célibe nese entón, á que se lle beneficiará cunha dote de 60.000 reais cando proceda a casarse. Nótese que as cifras do valor total dunha salga para esas datas roldaba os 40.000 reais polo que a rapaza leva 20.000 de máis.

O segundo caso de matrimonio entre local casada con catalá témolo co de Pablo Galcerán, primo do anterior, chegado ó Barqueiro tamén para 1761, embarcado en principio nos negocios do viño catalá traído dende a base ferrolá, a pesca e a salga. En efecto, chega

⁴.- AHPL. Protocolos. 02611/02/26. 1800.

⁵.- AHPL. Protocolos. 02611/02/27. 1800.

⁶.- AHPL. Protocolos. 06211/02/316. 1800.

⁷.- AHPL. Protocolos. 04010/04/145. 1807.

1800 e morre Pablo ó mesmo tempo que o primo de Viveiro. Deixa á súa viúva, de segundas nupcias por morte da primeira muller, Margarita Yáñet, nunha difícil situación por canto os fillos do primeiro matrimonio non aceptan o testamento que o pai fixera. Os preitos sucederanse a partires de agora, polo que a dona ten que dar poder a Manuel García procurador na real audiencia para que a defenda en toda causa establecida contra ela⁸. En maio de 1801, preséntanse diante de notario Thomás da Senra, curador de Joseph Galcerán fillo do matrimonio entre Pablo Galcerán e Catalina Sánchez, primeira dona, por unha parte e Margarita Yáñet, segunda esposa e agora viúva, pola outra. Os dous primeiros expoñen que unha vez mortos Pablo e Catalina fíxose a partixa para a división das propiedades entre os herdeiros, o que provocou desconformidades entre eles⁹.

Así as cousas, o perito encargado de discernir a cuestión chega á resolución de que Margarita debería satisfacerlle ó fillastro; Joseph 8.823 reais en efectivo en concepto de lexítima por parte da nai; Catalina¹⁰, sobre a casa na que habitaba no Barqueiro. Feito o pago e recibidos os cartos, Joseph e Senrra, que como curador de aquel tan interesado estaba en que o seu patrocinado os recibira, renuncian a exercer os dereitos que sobre a propiedade tiña o primeiro.

A actitude de Josefa como viúva haberase de diferenciar dabondo da de Margarita do Barqueiro. Mentres que a segunda tan so aparece nomeada unha soa vez como fomentadora da pesca e da salga nos protocolos, a primeira inicia unha imparable carreira no campo comercial xunto cos seus fillos.

E a todos nos chega o fin, tamén á muller de Buenaventura Catá *el Mayor*, de Arenys de Mar, o terceiro sobranceiro dista historia, da parroquia de Valle, segundo podemos ver na escritura de segregación de bens feita en 1809. Morta a dona, Margarita Conta, os fillos piden facer partixa de segregacións dos bens para repartirse o patrimonio no que súa nai entraba en gananciais, costume frecuente entre os catalás segundo vimos vendo. A nómina de herdeiros é considerable se atendemos á fonte, polo que hai que contratar un perito que faga reconto e distribución.

Independentemente do que lles corresponda a cada quen, reparto na que saen sempre favorecidos os homes sobre as mulleres e de entre aqueles, o primoxénito sobre os segundos, interesa ver o patrimonio relativo á pesca co que se contaba, que era moito. A cousa a dividir pertencente á parte da nai morta facíase entre Bentura *el Menor*, fillo maior e patrucio á morte do pai, Fidel, Juan, Joseph, Agustín, Antonio, volto a Cataluña, Pablo,

⁸.- AHPL. Protocolos. 02593/10/171. 1801.

⁹.- *Habiendo fallecido ambos [os pais; Pablo e Catalina] se pidio la partija y division de los fincables de Dn Pablo que se mando hacer, pero habiendose suscitado distintas dudas sobre los vienes de ambos, las procuraron cortar u discernir por medio de abogados a fin de exonerarse de unos gastos costosos que ofrecian las cuestiones, recaiendo el examen y resolucion de ellas, de conformidad de todas partes en el Licenciado Dn Lucas Dominguez.* AHPL. Protocolos. 02612/02/93r. 1802.

¹⁰.- *En pago y satisfacción de la parte de la casa sita en dicho Puerto del Barquero en que hauita la D^a Margarita y lo hizo el referido su difunto marido tasada y evaluada en la misma cantidad al tiempo de la partija de aquella fincabilidad, según así resulta del propio ynstrumento y cupo de la diuision a que se remiten, solicitô la viuda otorgante con el motivado Dⁿ Joseph de Senrra y su mentor la entrega y satisfacción de este dinero para suplementar en esta parte lo capitulado sobre el particular, y ponerse solbente de esta deuda, y conviniendo en su admision desde luego les hace apronto de los referidos ocho mil ochocientos veinte y tres reales vellón en moneda de oro, plata y vellón.* AHPL. Protocolos. 02612/02/93v. 1802.

CONTEMPORÁNEAS: Políticas, trabajadoras y hacedoras de sociedad

Santiago de Compostela, 20-21 Octubre 2022

Josefa, casada con Antonio Morgado, Teresa Conta, muller de Vicente Díaz, Marieta, esposa de Joseph Torres e Juana, casada con Juan Franco. Resalta a maridaxe de todas elas contra a solteiría e o celibato deles, do que se deduce que non persiste no norte o sistema de transmisión da herdanza sobre a figura do *hereu*, primoxénito que recibe a meirande parte do patrimonio familiar, ficando o resto a repartir entre os demais, segundo nos ten explicado Leal¹¹ para o Salnés.

Margarita Conta ten bens gananciais con Buenaventura Catá, el Mayor, o que significa que participa de tódolos negocios da pesca ou doutros deste último, quen á súa vez recibe os pertencentes á primeira. Entre eles estaban todos os referidos ás empresas de pesca e de transformación da mesma, é dicir a casa-vivenda coas aneións do almacén de salga lindeiras co mar polo norte, bodegas, etc., nun esquema de instalación bastante clásico. Herdaba tamén as lanchas de pesca; El Tabad valorada en 2.140 reais, La Loba, 930 reais, La Paloma, con rizón e catro remos, 370 reais, La Mosca, con rizón e catro remos, 870 reais, unha xávega nova co seu cope, 5.500 reais, tres cordas de tirar das redes, 660 reais, unha caldeira grande de encascalas anteriores, 990 reais, varias pezas de rede nova sen encascar; 304 reais, dúas pezas encascadas, 525 reais, 214 cóbados de banzo para lanchas, 214 reais, 60 madeiras barengas e curvas para lanchas, 120 reais, un cope vello, 200 reais, 9 cordas de xávega usada, 72 reais, unha vela do patache propiedade familiar, 20 reais, 2 pezas de rede usadas, 30 reais, outras tres, 30 reais, dous barrís dobres de alcatrán, 530 reais, barras para prensar arenque, 28 reais, unha roda e instrumentos de facer cordas, 20 reais, os bortóns do patache, 40 reais, dúas barrenas, 12 reais, sellas e artesas de salgar sardiña, 40 reais, varias partidas procedentes da produción pesqueira, 7631 reais, etc., todo valorado en 33.063 reais. O resto; unha casa a cada fillo varón con adegas e hortas, varias lanchas máis, vituallas da pesca, diversas partes nas embarcacións, velas, pipas de sardiñas, outras xávegas que pasan a mans de Bentura e Fidel por venta dos demais irmáns, produtos da pesca, etc., divídese entre os diferentes fillos homes, ficando para as mulleres; inmobles varios, enxovais, e partes do produto pesqueiro¹².

Josefa e as dúas Margarita, semellan unha illa no comportamento empresarial das mulleres burguesas, porque a norma é que sendo viúva se acabe vendendo a empresa ou cedendo a parte correspondente a algún fillo para que a administre. Exemplificación á marxe, os anos 30 do XIX son tempos nos que o capital comercial do rural, se introduce no negocio da salga para quedarse, tal e como fan Bonifacio Carro, de Magazos en Viveiro, e Antonio e Tomás López de Celeiro, en Santa María de Bares en 1837, mércanlle a Isabel Torrén, veciña do Ferrol pero de residencia en Ares e filla do fomentador catalá Torrén instalado tamén en Cariño e Viveiro, viúva de Juan Monge, comerciante ferrolá, a súa instalación de Vares, sociedade na que a posterior, tan so perduraré Carro.

Previamente, fóra do ámbito catalá, que chega ata Celeiro a duras penas pero non traspasa esta localidade cara oriente, temos para a década dos 80 a Juan Antonio de Orxe, de Viveiro, como fomentador e traficante de sardiña salgada xunto con Ana Álvarez, a única muller patriá non viúva relacionada coa actividade da salga deica o momento. A sociedade envía un patache, capitaneado por Julián Rodríguez de Fazouro, con carga de sardiña a Santander e Vascongadas de onde trae como frete de retorno cebolas, fariña, trigo, cravazón, etc.

¹¹.- LEAL BOVEDA, JOSÉ M^a: “Fuentes ...”. Ps. 145-233.

¹².- AHPL. Protocolos. 02615/03/206-222. 1809.

Por outra banda, é norma que para estas datas xorda a muller nos documentos notariais en diversas facetas; ben como propietaria e empresaria da salga, caso de Rosa López en Valle, para 1827, ou como viúva vendendo a casa vivenda coa instalación do sal, tal é a situación de Martina Cal, muller do xa finado Francisco Abella, a quen no 1829 lle merca todo en Vares, Luis Ponte. Polo final dos anos 30, o nome da muller vai aparecendo nas fontes notariais asociada ó seu marido na propiedade das fábricas de salga, de modo que é cotiá ver a Vicente Lamelas con Vicenta do Canto y Rivera, Francisco Pego con Vicenta Domínguez, Vicente Sabio con Antonia Domínguez, Francisco Senrra con Margarita Blanco ou a Pablo Galcerán con Teresa Casás, todos do Barqueiro. Outras veces, temos a mulleres viúvas, sen nome nos protocolos, figurar como empresarias da salga, tratantes de peixe, etc., que parecen seguir os pasos de Josefa e as Margarita, tal é o caso, por exemplo, da viúva de Vicente Lamelas, de Vares, de quen sabemos que se chama Vicenta do Canto por pescudas varias. O seu nome prolóngase nas bases de datos moito máis aló da data de deceso do home, 1845.

Pero menos sorte tivemos coa viúva de Catá e Hijos, do Vicedo, quen herda a compañía de fomento da pesca no 1864, pero da que descoñecemos o nome, o mesmo que ocorre coa viúva de Soto, de Celeiro, quen figura como fomentadora de pesca para 1864. Quizais, co tempo lle debéramos prestar máis atención ó feito.

Outro caso atípico verémolo en maio de 1861, cando se presentan diante de notario, Francisco López, de Celeiro e Rosa Martínez, muller e apoderada do fomentador Fidel Antonio Catá, de San Esteban de Valle, quen lle tiña outorgado poder para facer toda clase de contratos, incluso os de sociedades, nun caso único no que levamos estudado. Viña a cousa a que unhas datas antes tiña rematado a sociedade industrial establecida entre Felipe Prieto, veciño de Viveiro, e o antedito Catá, relativa á explotación dun trañón, outras redes, lanchas e máis utensilios necesarios para a pesca da sardiña, fomentada e elaborada nunha fábrica propiedade do Catá. Morrera Prieto, quen tiña tres partes na comanda, Fidel Catá dúas sextas, e a restante pertencía a Francisco López. Felipe Prieto dedicábase á todo o relativo á pesca, para ser transformada en salga por conta dos outros dous, nas instalacións de Catá¹³.

En paralelo, asistimos á venda por parte das viúvas de algunhas das empresas fundadas por outros actores chegados ó norte dende o Ártabro. Tal e como fan no 47 Victoria Alonso Taibo, viúva de Fernando Pena, de Santa María de Sada, e Antonia González, viúva de Antonio Taibo, de Ferrol. Ámbalas dúas eran cuñadas e resultan ser socias da compañía do fomento de pesca e salga de peixe que teñen os seus maridos en Cariño¹⁴. Mortos estes, no 1851 proceden a axustar contas e pago de reais da disolución da compañía do almacén e traña do porto de Cariño¹⁵, e da casa que tiñan a medias na rúa Real de Ferrol.

¹³.- AHPL. Protocolos. 02822/Doc. 16/V/1861. Ps. 464-466.

¹⁴.- ARG. Xulgado de Primeira Instrucción de Ferrol. Preitos. Caixa 5254/32. 1844.

¹⁵.- ARG. Xulgado de Primeira Instrucción de Ferrol. Preitos. Caixa 5299/8. 1851. Desgraciadamente, este documento encóntrase nun estado de deterioro considerable polo que a súa lectura resulta en ocasións imposible, a pesares da relevancia que ten para o que aquí tratamos.

Do pouco que se pode extraer da documentación citada, sabemos que a traíña, rendía en 1844; 150 reais, 472 en 1845 e 269 no 1846, amén de que a pesca deste último ano supuxera uns ingresos 1.482 reais, que haberían de ser sumados ós 2.312 que valía a edificación ferrolá. En total, sumaban 4.685 reais que debía recibir Antonia González de Gundín da outra parte, en concepto de rescisión da sociedade.

Se as cousas ían así por Cariño, outro tanto sucedían nas augas de Vares, onde a burguesía de Viveiro seguía investindo no negocio da salga, de modo que o 1/IV/1871, temos outro exemplo arquetípico da acusada fragmentación da propiedade das salgas ou da especulación que respecto delas se facía. Comparecen Francisco Galdo Bermúdez, fillo do comercial e fomentador Francisco Galdo Pascual, comerciante e veciño de Viveiro, Antonio Blanco Alonso, acompañado de irmáns e sobriño, Manuela Pérez Rubiños; viúva de José Bares, Vicenta Catá, viúva de José M^a de Bares, afamado e activo fomentador deste porto, Ramona Blanco, viúva de Nicolás de Galdo, Josefa Galdo, viúva de Cándido de Bares, Margarita e M^a Josefa Bares, por herdanza de seu pai; Esteban de Bares.

Son donos por partes dunha fábrica sita en Vares, lindante coas dúas que aquí posúe Pascual Bermúdez e pretenden a súa venda a Vicente Martínez Díaz, do comercio de San Juan de Espasante e demais socios. O valor de 8 das 9 porcións destas persoas ascende a 13.750 pesetas, pero non todas son iguais xa que Galdo posúe 4/9 mentres que os restantes; 1/9, mercados tamén a varios propietarios. Nestas, a parte produtiva, a salga, aquela na que son porcioneiros a meirande parte deles, disóciase da extractiva, cuxos elementos; lanchas, redes, remos, rizóns, enxarcia, madeira e outros apeiros, están nas mans de M^a Josefa de Bares, en unión con Manuela Pérez Rubiños e fillos. Nótese que as viúvas entran no negocio á morte do home, pero acaban vendendo o patrimonio.

A parte que compra vense repetindo nesta historia, estando composta por Vicente Martínez Díaz, Vicente Donato Villarnobo Cordido, Crisanto Armada Gómez, comerciante de Ortigueira, e José M^a López, presbítero en Viveiro, en representación da nai; Juana Vilar Cociña, viúva de Tomás López, de Viveiro, que mercan respectivamente; os dous primeiros 3/9 e Armada e López o 1/9 restante, polo que rematan desembolsando 20.000 pesetas¹⁶. No mesmo día establecen declaración convencional de sociedade particular, en idénticos termos que os narrados en casos precedentes pero coa salvidade de levar polo momento o nome de *Domingo Lago y Cía*, ata que se liquide coa facenda o sal que da mesma existe na fábrica montada. A partires de entón pasaría a denominarse *Martínez Villarnobo y Compañía*, baixo a xerencia do presbítero viveirense; López¹⁷, quen actúa así por poder da nai.

As cousas pasaban demasiado rápido porque na mesma sesión Martínez, Villarnobo, Armada e López, adquiren das viúvas Ramona Blanco, Josefa Galdo, de Viveiro, Francisco de Galdo, Antonio Blanco, Margarita y M^a Josefa Bares, de Vares, *ocho novenas partes; esto es, cuatro del Galdo, una del Blanco, otra de las Margarita, y María Josefa Bares, otra de la Ramona Blanco y otra de la Josefa Galdo, en mistión con la restante perteneciente a Manuela Pérez Rubiños y sus hijos de un edificio destinado a fábrica de salazon de sardina denominado hasta ahora de Domingo Lago y Compañía*¹⁸.

¹⁶.- ACNC. 2.260/158/159/160/161/162/163. 1871.

¹⁷.- ACNC. 2.260/164/165/166/167. 1871.

¹⁸.- *Compuesta de patio interior, claustro, con pilos, prensas, alfolíes, taller, gabinete y otros depósitos, con baldios por el oeste [...] que todo ocupa la superficie de novecientos, sesenta y tres metros cuadrados.* ACNC. 2.260/168r/168v. 1871.

O prezo de cada unha das novenas partes ascendía a 2.500 pesetas pero á hora do pago Villarnobo e Armada amosan dúbidas acerca da lexitimidade da representatividade no acto de Ramona Blanco e Josefa Galdo como nais dos seus fillos, posto que non presentan títulos da propiedade que acreditan ter, polo que son forzadas a garantir con hipoteca especial a metade dos cartos pagados polos dous anteriores, que se aseguraban así a posible evicción futura das partes mercadas.

As mulleres téñense que hipotecar para salvara operación e Ramona faino coa casa que habitaba no porto de Vares, de 147 m² de superficie, por valor de 1.500 pesetas, por certo rodeada das outras das familias do fomento. Josefa tamén fai o mesmo coa metade da súa, de 218 m², mercada a gananciais no seu matrimonio con Cándido Bares, cun valor, logo de ser reedificada, de 1.500 pesetas. Así, elas hipotecaban en vida aquilo que os homes nunca tiveran necesidade de facelo, e menos agora, na morte¹⁹.

Resumindo, a pesares da existencia de empresas de propiedade individual, cada vez máis, dende que deixamos a metade do XIX, van aparecendo aquelas participadas por varios elementos pero que, lonxe de capitalizar as instalacións mercadas ou creadas para proceder á posta en funcionamento e modernización, mesmo dar o salto á conserva hermética, se dedican a posteriores vendas ou compras nun proceso que parécenos ter moito que ver coa especulación.

Do mesmo modo, resalta o papel xogado polas mulleres, participando nestas operacións financeiras dun modo secundario porque, ou ben o fan como representantes-curadoras dos seus fillos, intereses polos que parecen entrar en negocios ou venden o patrimonio para seguir dedicadas ás labores propias do seu sexo, deixando a xestión daqueles en mans de fillos varóns. Pero, dende logo, nos casos estudados nunca desenvolveran tarefas produtivas. Que lonxe, ficaba Josefa Díaz de Galcerán, por exemplo.

No último terzo do XIX, avemos a aparición de empresas participadas por máis dun socio, con ánimo de incremental a capitalización, para unhas datas nas que asistimos a un agromar no número de salgas espectacular e a competencia parece ser a nota que defina este negocio. Villarnobo y Lage, unión de comerciantes de Ortigueira e Viveiro para a explotación da salga en Cariño nos anos 70, pasan a ser os protagonistas deste ciclo.

Entrando no terreo do comercio marítimo, o núcleo de San Cibrao, porto por onde sae a munición da fábrica de Sargadelos cara o arsenal ferrolá e a praza da Coruña, experimenta dende o último terzo do XVIII o agromar dunha clase burguesa ó socairo destes tráficos cativos, entre a que figuran varias mulleres navieiras; como Bernarda Díaz Sánchez ou Carmen Correa.

Idéntico caso veremos na explotación do negocio dos viños, actividade á que se dedicarán profusamente os catalás, de tal sorte que esta parece sela verdadeira razón da súa chegada ó golfo Ártabro, por mor de fornecer ó mestrado do arsenal militar. Tenden a copar as sisas municipais do abasto de viños e augardentes procedentes de Cataluña pero centralizados na praza de Ferrol, da que se nutrirán os Galcerán e outros da súa orixe. Aquí encontraremos a muller máis activa e poderosa economicamente dos chegados catalás; María Rafúlls, Esclús, filla de mercador daquela procedencia, con negocio en Ferrol, relacionado co arsenal militar. Casará con Tomás Rafull, tamén pioneiro do

¹⁹.- ACNC. 2.260/169/169/170. 1871.

reparto de viños na Mariña, do que enviuva en 1793, e acaba participando en tódalas poxas dos concellos que teñan que ver co provisto de viños e augardentes do Principado.

Á morte do marido, ficará definitivamente nestas terras dedicada ó comercio cos seus fillos²⁰, de modo que nese ano *dueña y administradora de todos sus vienes raices* [do defunto Thomás] *como lo hes de una casa sita en Vilanova i la Geltrú, y Reino citado de Cataluña, y junto ala Parroquia dela citada villa y haberle dado en dote sus Padres ... y conociendo en parte el poco interes, y producto que della tiene y que le hes conveniente benderla y emplear su importe en otra cosa que baia en aumento tanto para el caudal de comercio que administra como para sus hixos*. Dado que non pode desprazarse ata Cataluña polas ocupacións que ten, outorga poder ó cuñado, Ramón Rafulls, para que a venda, pero facendo fincapé en que toda a ganancia lle pertencerá a ela.

En 1795, faise co reparto de viños e augardentes catalás en Viveiro, operando dende a capital provincial Mondoñedo, en dura competencia con Joseph Fuster, referido como un dos máis sinalados provedores destes produtos en Viveiro e Mondoñedo. Ambos terán instalacións no peirao de Viveiro nos que almacenan multitude de mercadorías entre as que hai que contar o prezado sal. Pero non desprezará a oportunidade de sacar partido a outros negocios, actuando de prestamista, ó igual que os seus compatriotas en Galicia. No Cantábrico oriental aparece tamén a figura da patriá, Nicolasa Alonso, dedicada ós mesmos mesteres que Rafulls.

O estanco do sal, materia prima imprescindible para a feitura do salgado, tan escaso e caro, será rexido por persoas moi ben relacionadas coa coroa e aí veremos a Isabel Noguerido Varela, de familia fidalga e acomodada, rexentando xa viúva, xunto co seu fillo, o alfolín de Viveiro. Isabel terá responsabilidades directas no estanque e distribución do sal en Viveiro, nunha liorta entre Rafulls e Fuster. Así, no contexto de falla de instalacións axeitadas para albergue do sal, en decembro de 1767 arriba ós cais de Viveiro o barco holandés Gronomberg, capitaneado por Federico Layan con carga de sal por conta da real facenda. Dáse a circunstancia de que tamén hai atracados outros dous barcos no mesmo lugar con idéntica vitualla. Dada a gran cantidade xuntada dela, xurde o problema de albergala nun almacén con boas condicións de seguridade, polos moitos roubos que se producen, e salubridade, é dicir exento de humidades. Pero non hai moitos que cumbran con esas condicións, tan so o do catalá Joseph Fuster, próximo ó peirao pero que o seu dono non quere ceder por acharse cheo de viños e augardentes para a provisión da xurisdición, ó tempo que aduce os moitos reais que ingresa na real facenda en concepto de ser propietario da sisa deles. En realidade, pretendía que o sal se almacenase no almacén de María Rafulls sen que o seu estivese exposto ó control do estanco.

Entón entran en xogo de la Barrera, ministro da administración xeral de rendas do reino, dende Ribadeo ,e sobre todo, o apoderado dos alfolíns de Viveiro, Francisco María de Arriba y Figueroa por súa nai, Isabel Noguerido Varela, receptora dos mesmos. A estes córrelles presa descargalos barcos porque a *contracta prebiene deba descargarse dicho navio, en el termino de veinte dias laboriles, tiempo haciendo y no perdiendo, acondicion que pasado nolo haciendo se le paguen a dicho capitan por dia, diez pesos por razon de demoras*²¹. De igual modo, ameaza choiva e a recetoría teme que parte do sal se poda perder.

²⁰.- AHPL. Protocolos. 02513/02/78. 1793.

²¹.- AHPL. Protocolos. 02950/04/41. 1767.

Posta sobre aviso a xustiza municipal advírtese da inexistencia dun almacén que cumpra coas debidas condicións; *ninguna bodega de las señaladas* [as de Alonso Pardo, comerciante, non a das *madres religiosas*], *ni otra ninguna, no es capaz para recibirse, y entrojarse la sal que se halla en barcos y toda...* Por todo elo, ministro e apoderado, sobre todo o segundo, conclúen que a de Fuster é a única que cumpre con tódolos requisitos. Comeza a descarga, non sen a desaprobación deste home, pero na metade da operación parálzase tendo que intervir a xustiza, diante das protestas formais da receptoría que declina responsabilidades se se perde a carga por non recibirse en alpendre axeitado coma o do catalá.

Semella que as influencias deste debían ser considerables en orde ós ingresos que facía na real facenda por mor das sisas dos viños e sales, dado que tamén era fomentador da pesca. Finalmente, acaba sendo elixida a bodega de Alonso Pardo, a pesares dos graves problemas de humidade e deterioro que tiñan.

No mesmo senso, é doado encontrar mulleres asociadas á administración de rendas estancadas, en concreto do sal. Adoitan figurar soas, como herdeiras dos seus homes, ou asociadas a eles, tal é o caso de Dolores Ponte, de Viveiro, quen en 1860 aparece neste suposto xunto co marido; Amando Osorio y Bolaño, para esixirlles ós fomentadores a satisfacción da fianza necesaria para poder sacalo sal do alfolín²². Tamén poden estar en sociedade co home na explotación da fábrica de salga, hipotecando bens para recibilo sal. Falamos, entre outras, de María García, esposa de Vicente Menéndez de Celeiro, os que ingresan nas contas da real facenda 30.000 reais *para recibir como fomentador* [aquí so figura o nome del] *seiscientos quintales de sal*²³.

Cumprindo aquela máxima de que cando enviuva, a muller vende o patrimonio na meirande parte das ocasións, mesmo tende a ceder a súa representación ó irmán diante das autoridades militares de mariña en peticións varias, sucede que Antonia Río Leal, de Celeiro, viúva de Juan Soto, co seu irmán; Manuel, en unión con outros fomentadores de Celeiro, pretenden construír *una muralla ó malecon frente de los edificios que tienen en la Playa de Labandeiras teremino de Cillero para la seguridad de aquellos*²⁴.

O último caso encontrado de muller dedicada ós negocios mareiros ten que ver con outra catalá, de marido rastrexado no Ortegá nos 60 do XVIII; Antonio Marsal Carro, de Barcelona. Aparece nos protocolos en clara sociedade coa muller, Clara Marsal, residente en Barcelona onde actúa como axente comercial da salga que el envía dende Galicia a onde lle manda fretes de retorno consistentes en viño e augardentes. A fonte non especifica con detalle o grao de participación de cada quen na empresa, pero se deixa claro que ela lle outorga permiso para realizar actividades comerciais en Galicia, en concreto dende Viveiro onde reside Antonio ó tempo que ten negocios con xentes de Ortigueira e Cariño, relacionados co viño e o fomento da sardiña²⁵. Cara 1773 estoura un conflito entre Marsal e demais conxéneres por algo que apunta a ciúmes profesionais ou persoais contra el polos demais paisanos catalás. En resumo, a querela que se interpón

²².- AHPL. Protocolos. 04042/03/168/171.1860.

²³.- AHPL. Protocolos. 04042/03/176. 1860.

²⁴.- AHPL. Protocolos. 04042/03/171/172. 1860.

²⁵.- ACNC. 1.604/8. 1773.

remata coa súa persoa cárcere, polo que ten que apoderar para a súa defensa a procuradores da Real Audiencia da Coruña²⁶.

En xeral, para o Cantábrico estamos na última das etapas de instalación catalá, caracterizada por unha gran variedade de matices segundo o porto considerado. Entre 1801-17, ano este a partir do que non temos constatado vestixio documental algún de novas incorporacións, aséntanse 13 persoas novas de Cataluña e consolídanse como empresarias da salga e outros negocios as viúvas de Gabriel Galcerán en Viveiro; Josefa Díaz, de Pablo Galcerán, do Barqueiro, Margarita Yáñet que xa en 1801 adquire tódolos poderes do seu home en dura competencia xudicial cos fillos del, e finalmente Margarita Conta, muller de Buenaventura Catá, de Valle. Tamén, son datas nas que os fillos daqueles arribados e asentados na primeira das fases toman as rendas dos negocios pola súa conta ou formando sociedades con súas nais das actividades paternas.

Deste modo, mortos nos primeiros anos do XIX os pioneiros e sucedidos por fillos e netos, á altura de 1830, tan so permanecen activos cinco apelidos catalás, Catá (Fidel, Fidel Antonio, Juan Antonio) no Vicedo, José Catá e Pablo Galcerán no Barqueiro (este último tamén en Vares), Miguel Domenech e Antonio e Francisco Torrén en Cariño, cando menos como fomentadores da salga²⁷. Gelpi, chega nos últimos anos 20 en sociedade con Galcerán pero por pouco tempo se atendemos á información notarial de que dispomos. En definitiva, todos os recente chegados están na lista que nos ofrece Meijide sobre os comerciantes das vilas de Mugardos, Sada e Fontán para o XVIII²⁸, pero, dende logo, non procederán das rías baixas, nin virían, en principio, á pesca do bocarte tal e como se asegura sen documentar por outros autores²⁹.

CONCLUSIONES

Se resulta difícil estudalas sociedades mareiras do Cantábrico galego para os séculos XVIII-XIX pola escasa dedicación da historiografía a este ámbito xeográfico, a cousa se complica aínda máis cando se trata de facelo coas mulleres que nel viviron, porque as fontes non son xenerosas a amosala súa presenza, agás cando se é fidalga, propietaria, solteira con posibles ou viúva. Elas non son invisibles, porque figuran nos protocolos, libros de veciñanza, partixas, testamentos, libros de Matrícula de Mar, etc., pero os escribáns, que son homes, rexístranas con desprezo como viúva de, muller de, solteira

²⁶.- *Con franca licencia de su mujer, ya por cartas y conseqüente de personas que vienen de dicha ciudad, sin hignorar la armonia que de marido a muxer corresponde y Requiere el constituido matrimonio llego a noticia del otorgante se le proceso por ello, ya que pase a vibir con la recordada su muxer con otros presumptuos enjudias que se estimularon suxetos que le profesan odio y mala voluntad, poniendolo presente al Real Tribunal de este Reino y sala del crimen deel para su execucion y cumplimiento y atento que dicho otorgante ante xustas rrazones que proponer, y no ser xusto quede indefenso...* ACNC. 1.604/8. 1773.

²⁷.- AHPL. Cuenta General de deudores por la renta de la sal. Santa Marta. 1830. L5593/02. Viveiro. 1832. L5597/01.

²⁸.- MEIJIDE PARDO, A: “La economía marítima de Sada y Fontán en la época precapitalista: los salazoneros catalanes”. En *Anuario Brigantino*. Nº 18. 1995. Ps. 91-104. “La penetración ...”. En *Pedralbes*. Nº 4. 1984. Ps. 7-38.

²⁹.- BREIXO RODRÍGUEZ, CARLOS: “A Idade Moderna”. En *Historia de Ortigueira*. Vía Láctea Historia. Perillo-Oleiros. 1999.

CONTEMPORÁNEAS: Políticas, trabajadoras y hacedoras de sociedad

Santiago de Compostela, 20-21 Octubre 2022

con posibles, etc. Logo, nós preferimos definilas dun modo máis axeitado, xa que están, ninguneadas, ignoradas, maltratadas, pero están, é imposible non velas.

Como propietarias dos medios de produción verémolas ó carón dos seus homes exercendo as funcións propias da administración das empresas de salga, tamén cando eles morren, ampliando eses negocios individualmente ou en sociedade cos fillos, mesmo estarán noutras actividades relacionadas co mar, como consignatarias, comerciantes, etc. Pero o común, neste senso, será velas vendendo o patrimonio unha vez que enviúen. É a norma que caracteriza o seu labor.

SIGLAS DAS FONTES:

- ACNC. Archivo del Colegio de Notarios de A Coruña.
- AHMR. Archivo Histórico Municipal de Ribadeo.
- AHMV. Archivo Histórico Municipal de Viveiro.



